



Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo

Casa do Deporte - oficina 21 □ Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 □ 36209 Vigo
986 221 500 · Fax 986 441 216 · secretaria@vigoatletismo.es · vigoatletismo.es



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

29ª Carreira Nocturna de San Xoán REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, có patrocinio do **Concello de Vigo**, organiza a **29ª Carreira Nocturna de San Xoán** a disputar o **23 de xuño** de 2011 en Vigo, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces. Esta carreira está incluída no **Circuíto de Carreiras Populares** do Concello de Vigo.
2. A carreira dispútase nun circuíto urbano con saída ás **21:15** da Praza do Rei, e co seguinte percorrido: Camelias, Romil, Pi i Margall, López Mora, Bar Boo, Coruña, Tomás A. Alonso, Paulino Freire, Beiramar, finalizando diante do soportais da praza do Berbés.
3. Poderán participar cantas persoas maiores de 14 anos o desexen estean ou non federadas. As inscricións, formalizaranse na páxina web **championchipnorte.com** ou en persoa en **Deportes Athletics** (Avenida de Balaídos 41) **ata o 21 de xuño**. No caso de inscrición presencial indicando NIF con letra, nome, apelidos, data de nacemento, sexo, localidade, provincia, e club e número de licencia no seu caso. **Non se admitirán inscricións o día da carreira.**
4. A cota de inscrición e de **5 €**.
5. Os atletas participarán cos dorsais e transpondedor (chip) que se entregarán o 23 de xuño de 19:00 a 20:15 na Lonxa do Concello de Vigo (Praza do Rei).
6. Concederanse trofeos os tres primeiros e primeiras clasificadas por cada unha das seguintes categorías: tanto en homes coma mulleres
 - A de 14 a 18 anos
 - B de 19 a 35 anos
 - C de 36 a 45 anos
 - D de 46 anos ou mais,tamén haberá un sorteo de agasallos entre tódolos participantes e a organización en colaboración ca Confraría de Pescadores San Francisco de Vigo, obsequiará cunha ración de sardiñas asadas a tódolos participantes.
7. Colaboran neste evento a Confraría de Pescadores San Francisco, Asociación de Veciños Casco Vello, Coca-Cola, Novacaixagalicia, Deputación de Pontevedra, Hipermercado Alcampo, Auto-escuelas Faro-Paso-Salaberri-Vigo, New Balance, Restaurante El Pescador, Frigolouro, Policía Local, Protección Civil, Cruz Vermella, Porto de Vigo, Frutas Nieves, e Rosquillas Critaleiro.
8. A Organización non se responsabiliza dos danos que poidan sufrir os participantes, agás os posibles dereitos que lle correspondan co seguro deportivo dos seus clubs.
9. Todas as reclamacións deberanse formular de acordo co Manual da IAAF ou RFEA en vigor.

A Delegación en Vigo da FGA